

1. «Diso vai este xogo, de se agachar». (Barret)

por GONZALO PALLARES

Reza o dito que cada tempo se define pola interpretación que este fai de Hegel. E semella que tanto Losey como Pinter sabían onde apuntar. Autodefinido como «marxista romántico», Losey compartía con Harold Pinter un pasado vencellado ao teatro e certa herdanza brechtiana. Valéndose da vella dialéctica hegeliana do amo e o escravo, ambos artellan n' *O criado* unha complexa radiografía do sistema de clases británico, con especial desprezo cara á aristocracia.

Pero o filme vai máis alá. *O criado* só move a cuestionamentos, non a respostas definitivas. Impide tirar dunha única lectura na relación amo-servo, pois polo filme desfilan pensamentos como loita de clases, vontade de poder, irrupción subversiva da sexualidade ou apropiación do goce do outro. Ecoan Marx, Foucault, Freud e Lacan segundo o caso. Tamén Nietzsche, quen escribía que «a vontade prefire querer a nada antes que non querer», e abofé que hai en amo e criado vontade de dominación antes e despois da inversión dos seus papeis, malia que non é doado concluírmos que

a sumisión sexa só unha manifestación do medo e produto da sociedade, acó unha aristocracia británica reducida á caricatura. Porque segundo avanza, o filme deriva nunha sorte de illamento do exercicio do poder da posición social dos protagonistas, onde Losey desbota vencellos unidireccionais até chegar ao desconcerto de quen o mira. Alí onde a dialéctica hegeliana deixa de subministrar chaves de interpretación, emerxe Foucault: «O poder está en todas partes; non é que o abrangan todo, senón que vén de todas partes. [...] O poder non é unha institución, tampouco unha estrutura, non é esa potencia da que algúns estarían dotados: é o nome que se presta a unha situación estratéxica complexa nunha sociedade dada».

Mesmo se *O criado* deixa ás claras que a toma de poder é só unha cuestión de vontade onde os «oprimidos» teñen o poder real en situacións análogas ou malia que revele a sexualidade como elemento de poder e sometemento, o filme mantén unha abraiante opacidade porque Losey apalpa lenemente o misterio do invisíbel que repousa sobre as aparencias.

A través diso que se deu en chamar posta en escena, Losey artella un espazo barroco abafante, un terreo conquistado paseniño polo criado ao amo, unha espiral expresionista de picados e contrapicados que resaltan o sometemento, unha presenza inminente de espellos que representan a idea do dobre, da imaxe distorsionada, do outro. Afonda até os abismos de cada personaxe (incluídos os femininos) para enfrontalos diante de seu e dos outros a fin de que abrollen os misterios, os segredos que perturban a súa racionalidade pero tamén a do espectador. *O criado* mesmo invalida a propia tese primixenia *hegeliana* de que algo tan escuro como o medo á morte sexa a causa fulcral do sometemento. Fai imposíbeis as explicacións inmediateístas ou o sicologismo tranquilizador. Nada é explícito e nada é explicado, nin sequera finalmente. Nada máis que o acto de filmar e o seu misterio. E malia todo, non hai nada encuberto ou descuberto que non estea nalgún plano.

Mais d' *O criado* tamén abrollan inquetantes certezas. A decadencia coma forma de verismo, coma o noxo de experimentarmos a completa nulidade moral froito da degradación que emerxe ao espir o modelo dominante de toda unha sociedade. En definitiva, as miserias que ateigan as relacións entre seres humanos: a explotación, o desexo de posuír, a dominación duns sobre os outros.

O señor e o servo. Pensar (n)o cinema (II)

Gonzalo Pallares / G. W. F. Hegel

2. Señor e servo¹

por GEORG WILHELM FRIEDRICH HEGEL

[α] O señorío]

O señor é a conciencia que é para si, pero xa non simplemente o concepto dela, senón unha conciencia que é para si, que é mediación consigo a través doutra conciencia, a saber: unha conciencia a cuxa esencia pertence ao estar sintetizada co ser independente ou coa cousidade en xeral. O señor relaciónase con estes dous momentos: cunha cousa como tal, obxecto das apetencias, e coa conciencia para a que a cousidade é o esencial; e en canto que el, o señor, a) como concepto da autoconciencia, é relación inmediata do ser para si, pero, ao mesmo tempo, b) como mediación ou como un ser para si que so é para si por medio de outro, se relaciona a) dun modo inmediato, con ambos momentos e b) dun modo mediato, a cada un deles por medio do outro. O señor relaciónase ao servo dun modo mediato, a través do ser independente, pois a isto precisamente é ao que está suxeito o servo; esta é a a súa cadea, da que non pode abstraerse na loita, e por ela amósase como dependente, como algo que ten a súa independencia na cousidade. Pero o señor é a potencia sobre este ser, pois demostrou na loita que só vale para el como algo negativo; e, ao ser a potencia que se atopa por riba deste ser e este ser, á súa vez, a potencia colocada por riba do outro, así neste siloxismo ten baixo si a este outro. E, así mesmo, o señor relaciónase coa cousa dun modo mediato, por medio do servo; o servo, como autoconciencia en xeral, relaciónase tamén dun modo negativo coa cousa e supéraa; pero, ao mesmo tempo, obxecto é para el algo independente, polo cal non pode consumir a súa destrución por medio da súa negación, senón que se limita a transformala. Polo contrario, a través desta mediación a relación inmediata convértese, para o señor, na pura negación da mesma ou no goce, o que a apetencia non lograra lógrao el: acabar con aquilo e encontrar satisfacción no goce. A apetencia non podía lograr isto a causa da independencia da cousa; en cambio, o señor, que intercalou ao servo entre a cousa e el, non fai con iso máis que unirse á dependencia da cousa e gozala puramente; pero abandona o lado da independencia da cousa ao servo, que a transforma.

Nestes dous momentos devén para o señor o seu ser recoñecido por medio doutra conciencia; pois estaponse neles como algo non esencial, dunha parte na transformación da cousa e, doutra parte, na dependencia con respecto a unha determinada existencia; en ningún dos dous momentos pode dita outra conciencia señorear o ser e chegar á negación absoluta. Dáse, pois, aquí, o momento do recoñecemento no que a outra conciencia se supera como ser para si, facendo ela mesma deste modo o que la primeira fai en contra dela. E outro tanto ocorre co outro momento, no que esta acción da segunda é a propia acción da primeira; pois o que fai o servo é, propiamente, un acto do señor; sómente para este é o ser para si, a esencia; é a pura potencia negativa para a que a cousa non é nada e, por tanto, a acción esencial pura neste comportamento, e o servo, pola súa parte, unha acción non pura, senón inesencial. Pero, para o recoñecemento no sentido estrito falta outro momento: o de que o que o señor fai contra o outro fágao tamén contra si mesmo e o que o servo fai contra si fágao tamén contra o outro. Produciuse sómente, por tanto, un recoñecemento unilateral e desigual.

Para o señor, a conciencia non esencial é aquí o obxecto, que constitúe a verdade da certeza de si mesmo. Pero, claramente vese que este obxecto non corresponde ao seu

concepto, senón que naquilo no que o señor se realizou plenamente devén para el algo totalmente outro que unha conciencia independente. Non é para el unha conciencia tal, senón, polo contrario, unha conciencia dependente; o señor non ten, pois, a certeza do ser para si como da verdade, senón que a súa verdade é, polo el contrario, a conciencia non esencial e a acción non esencial dela.

La verdade da conciencia independente é, polo tanto, a conciencia servil. É certo que esta comeza aparecendo fóra de si, e non como a verdade da autoconciencia. Pero, así como o señorío revelaba que a súa esencia é o inverso de aquilo que quere ser, así tamén a servidume devirá tamén, sen dubida, ao realizarse plenamente o contrario do que dun modo inmediato é; retornará a si como conciencia repelida sobre si mesma e converterase en verdadeira independencia.

[β] O temor]

Só vimos o que é a servidume no comportamento do señorío. Pero a servidume é autoconciencia, e debemos pararnos a considerar agora o que é en e para si mesma. Primeiramente, para a servidume, o señor é a esencia; polo tanto, a verdade é, para ela, a conciencia independente e que é para si, pero esta verdade para ela non é aínda nela. Sen embargo, ten nela mesma, de feito, esta verdade da pura negatividade e do ser para si, pois experimentou nela mesma esta esencia. En efecto, esta conciencia sentiuse angustiada non por isto ou por aquilo, non por este ou por aquel instante, senón pola súa esencia enteira, pois sentiu o medo da morte, do señor absoluto. Iso disolveuna interiormente, fíxoala tremer en si mesma e fixo estremecerse canto había nela de fixo. Pero este movemento universal puro, a fluidificación absoluta de toda subsistencia é a esencia simple da autoconciencia, a absoluta negatividade, o puro ser para si, que é así nesta conciencia. Este momento do puro ser para si é tamén para ela, pois no señor dito momento ó o seu obxecto. Ademais, aquela conciencia non á sómente esta disolución universal en xeral, senón que no servir lévaa a efecto realmente; ao facelo, supera en tódolos momentos singulares a súa supeditación á existencia natural e elimínala por medio do traballo.

[γ] A formación cultural]

Pero o sentimento da potencia absoluta en xeral a en particular o do servizo é sómente a disolución en si, e aínda que o medo ao señor ao comezo da sabedoría, a conciencia é nisto para ela mesma e non o ser para si. Pero a través do traballo chega a si mesma. No momento que corresponde á apetencia na conciencia do señor, parecía tocar á conciencia servidora o lado da relación non esencial coa cousa, mentres que esta mantén a súa independencia. A apetencia reservase aquí a pura negación do obxecto e, con ela, o sentimento de si mesmo sen mestura algunha. Pero esta satisfacción é precisamente por elo algo que tende a desaparecer, pois fáltalle o lado obxectivo ou a subsistencia. O traballo, polo contrario, é apetencia reprimida, desaparición contida, o traballo formativo. A relación negativa co obxecto convértese en forma deste e en algo permanente, precisamente porque ante o traballador o obxecto ten independencia. Este termo medio negativo ou a acción formativa é, ao mesmo tempo, a singularidade ou o puro ser para si da conciencia, que agora maniféstase no fóra de si e pasa ao elemento da permanencia; a conciencia que traballa chega, pois, deste modo á intuición do ser independente como de si mesma.

Agora ben, a formación non ten sómente esta significación positiva de que, grazas a ela, a conciencia servidora convértese, como puro ser para si, que é, senón que ten tamén unha significación negativa con respecto ao seu primeiro momento, ao temor. Na formación da cousa, a propia

1. *Fenomenología del espíritu*, Madrid : F.C.E., 1981, p. 117-121. Tradución de Cristina García Parga

negatividade, o seu ser para si, só se converte para ela en obxecto en tanto que supera a forma contraposta que é. Pero este algo obxectivamente negativo é precisamente a esencia estraña ante a que tremía. Pero, agora destrúe este algo negativo estraño, ponse en canto tal no elemento do permanente e convértese deste modo en algo para si mesmo, algo que é para si. No señor, o ser para si é para ela un outro ou sómente para ela; no temor, o ser para si é nela mesma; na formación, o ser para si devén como en propio ser para ela e revélase á conciencia como é ela mesma en e para si. Polo feito de colocarse cara fóra, a forma non se converte para ela en algo outro que ela, pois esta forma é precisamente o puro ser para si, que así se converte para ela na verdade. Devén, polo tanto, por medio deste reencontrarse por si mesma sentido propio, precisamente no traballo, en que só parecía ser un sentido estraño. Para esta reflexión son necesarios os dous momentos, tanto o do temor e o do servizo en xeral como o da formación, e ambos, dun modo universal. Sen a disciplina do servizo e a obediencia, o temor mantense no

formal e non se propaga á realidade consciente da existencia. Sen a formación, o temor permanece interior e mudo e a conciencia non devén para ela mesma. Se a conciencia se forma sen pasar polo temor primario absoluto, só é un sentido propio van, a súa negatividade non é a negatividade en si, polo cal o seu formarse non poderá darlle á conciencia de si como da esencia. E se non se sobrepuxo ao temor absoluto, senón só a unha angustia calquera, a esencia negativa seguirá sendo para ela algo externo, a súa sustancia non se verá totalmente contaminada por ela. Si todos os contidos da súa conciencia natural non se estremecen, esta conciencia pertence aínda en si ao ser determinado; o sentido propio, é obstinación, unha liberdade que sigue manténdose dentro da servidume. Y, do mesmo modo que a pura forma non pode devir esencia, tampouco esta forma, considerada como expansión máis alá do singular, pode ser formación universal, concepto absoluto, senón unha habilidade capaz de exercerse só sobre algo, pero non sobre a potencia universal e a esencia obxectiva total.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

CINEMA E FILOSOFÍA

PROYECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde
Bono-axuda: 1€

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
@ cineclubedecompostela@gmail.com

4 DE XUÑO | 21:30

A rúa paralela (Die Parallelstraße,
Ferdinand Khittel,
República Federal Alemá,
1962, 86', VOSG)

11 DE XUÑO | 21:30

O criado (The Servant,
Joseph Losey, Reino Unido,
1963, 116', VOSG)

18 DE XUÑO | 21:30

Primeiros traballos (Rani Radovi,
Želimir Žilnik, Iugoslavia,
1969, 87', VOSG)

21 DE XUÑO

Festa XIII Aniversario

25 DE XUÑO | 21:30

O día dos idiotas (Tag der Idioten,
Werner Schroeter, República Federal
Alemá, 1981, 110', VOSG)